



observatorio galego
de condicións de traballo

**ANÁLISE DA SINISTRALIDADE EN
SECTORES FEMINIZADOS
2011**

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

Xaneiro 2014

**Autores: Jose Rega Piñeiro
Manuel Armada Oya
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral - ISSGA**

Índice

[Introdución](#)

[Metodoloxía](#)

[Características laborais da poboación](#)

[Análise da sinistralidade por sexos](#)

[Discusión](#)

INTRODUCCIÓN

Tradicionalmente asúmese que a segregación profesional ocupou ás mulleres nos postos de traballo menos arriscados, e que os homes desenvolvían as profesións máis perigosas. Aínda que os índices de incidencia e gravidade dos accidentes declarados parecen apoiar esta hipótese, determinadas circunstancias provocan sesgos que teñen o seu reflexo nos devanditos índices: por unha parte, algúns sectores que se caracterizan pola súa elevada sinistralidade e gravidade están fortemente masculinizados, como a construción, a pesca ou a minaría; por outra, os riscos psicosociais que caracterizan a algunhas das ocupacións máis feminizadas, como educación, sanidade ou servizos, non teñen unha manifestación tan inmediata en forma de accidente laboral, polo menos na forma en que se rexistran e comunican estes. Hai que ter en conta, ademais, que amplos sectores de poboación activa, como autónomos non cotizantes ou empregadas do fogar, ate hai pouco non constaban nas estatísticas de sinistralidade **laboral**, como tampouco o traballo non remunerado de mulleres no ámbito de explotacións ou empresas familiares, ou como coidadoras de anciáns ou nenos no seo da unidade familiar.

A definición de saúde da OMS, como estado de benestar físico, mental e social, e non soamente a ausencia de afeccións ou enfermidades, é dificilmente compatible con realidades como a dobre xornada, a menor remuneración a igualdade de posto ou a falta de proxección na carreira profesional que se manifesta na infrarrepresentación en postos directivos.

En todo caso, este estudo non pretende abordar unha análise da saúde laboral, senón só da parte correspondente ás características dos accidentes laborais e as súas diferenzas segundo o sexo.

METODOLOXÍA

Utilizaranse series de datos correspondentes ao ano 2011.

Os datos de carácter socioeconómico relativos á afiliación que se utilizan para a primeira parte, na que se fai a descrición da poboación, obtivéronse das estatísticas do Instituto Galego de Estatística (IGE).

Para realizar a análise posterior utilizaranse datos obtidos dos arquivos dos partes de declaración de accidentes de traballo (Delt@), polo que só inclúen ao conxunto de traballadores afiliados á Seguridade Social que teñen cobertura das continxencias por accidente de traballo ou enfermidade profesional. Constarán todos os accidentes declarados neste conxunto de traballadores, que se considera a poboación en estudo, e que foron publicados no anuario Sinistralidade laboral de Galicia polo Issga; a sinistralidade non se expresará polo número absoluto de accidentes, senón polo seu índice de incidencia, calculado para cada sexo como número de accidentes por cada cen mil traballadores ou traballadoras.

Agás para as variable “sector”, na que os índices calcularanse como accidentes do sector por cada 100.000 traballadores dese sector, nas restantes, os índices calcularanse en base ao número total de traballadores ou traballadoras (por exemplo, o índice de incidencia dun tramo de idade calculase como número de accidentes dos traballadores dese rango de idade en relación co total de traballadores de calquera idade).

Excepcionalmente, cando non se dispoña dos datos desagregados só para o grupo de traballadores coas continxencias cubertas, calcularase unha “taxa de incidencia” en base ao total de afiliacións, feito que se indicará.

Compararanse as variables relacionadas co traballador e co accidente para as que se dispón de datos suficientes e precisos :

- Lugar do accidente
- Sector de ocupación
- Idade

- Categoría profesional
- Antigüidade no posto
- Día
- Hora da xornada
- Forma do accidente
- Natureza da lesión
- Parte do corpo afectada

Posteriormente analizaranse máis polo miúdo as actividades segundo o CNAE, para entrar nunha análise máis pormenorizada das que, podéndose considerar feminizadas, teñen unha sinistralidade alta “per se” ou en comparación cos homes do mesmo CNAE.

Canto á representación gráfica, na maioría dos casos nos que os datos relativos as agrupacións (por sector, por idade, por antigüidade, etc.) son discretos, e polo tanto deberían representarse en gráficos de eixos só como puntos, exprésanse como liñas para unha mellor visualización; o mesmo se fai nas gráficas de tipo “arañeira”, onde a correspondencia exacta cos datos se atopa só nos vértices e non nas áreas coloreadas.

CARACTERÍSTICAS LABORAIS DA POBOACIÓN

A presenza relativa da muller no mercado laboral aumenta de xeito sostido. Segundo datos do IGE, nos últimos dez anos, a afiliación feminina á Seguridade Social en Galicia aumentou permanentemente, dende o 40,25% de 2002 ao 46,75% en 2011. Esta representatividade queda aínda lonxe das cifras da UE, na que, en 2009, as mulleres representaron o 58,6% da forza de traballo(1).

| Galicia, poboación afiliada | | | | | |
|-----------------------------|--------|----------|---------|------------|--------------------|
| Ano | Homes | Mulleres | Total | % Mulleres | Incremento anual % |
| 2002 | 554925 | 373753 | 928678 | 40,25 | |
| 2003 | 559634 | 387484 | 947118 | 40,91 | 0,67 |
| 2004 | 567689 | 402614 | 970303 | 41,49 | 0,58 |
| 2005 | 577250 | 420490 | 997740 | 42,14 | 0,65 |
| 2006 | 591025 | 441502 | 1032527 | 42,76 | 0,62 |
| 2007 | 606811 | 463322 | 1070133 | 43,30 | 0,54 |
| 2008 | 598738 | 473791 | 1072529 | 44,18 | 0,88 |
| 2009 | 563460 | 466162 | 1029622 | 45,28 | 1,10 |
| 2010 | 543022 | 464420 | 1007442 | 46,10 | 0,82 |
| 2011 | 521987 | 458287 | 980274 | 46,75 | 0,65 |

Táboa 1. Afiliación á Seguridade Social no decenio previo ao estudo.





Gráfico 1. Porcentaxes de home se mulleres afiliados á Seguridade Social no decenio previo ao estudo.

Se se ten en conta a súa estratificación por idades, o forte descenso do número de afiliados de idades inferiores aos 30 anos nesa década afectou moito máis aos homes, traducíndose nun aumento relativo das mulleres afiliadas desas idades, mentres que a partires dos 55 anos o aumento da representación feminina no mercado laboral é menor, ata o punto de que no tramo de 60 a 64 anos, a porcentaxe de mulleres é a mesma que hai dez anos. Salvo esta particularidade, as curvas de distribución etaria da representación feminina no mercado laboral de 2002 e 2011 son similares.

En canto ao número de mulleres traballadoras, a maioría concéntrase na franxa entre os 30 e os 55 anos, e máis acentuada dos 30 aos 40 anos.

| Idade (anos) | 2002 | | | 2011 | | | Variación |
|--------------|-------|----------|-----------|-------|----------|-----------|-----------|
| | Homes | Mulleres | %Mulleres | Homes | Mulleres | %Mulleres | |
| 16 a 19 | 11786 | 4281 | 26,64% | 3300 | 2085 | 38,72% | 12,07% |
| 20 a 24 | 48007 | 30907 | 39,17% | 23185 | 20252 | 46,62% | 7,46% |
| 25 a 29 | 72128 | 54822 | 43,18% | 49150 | 47976 | 49,40% | 6,21% |
| 30 a 34 | 77464 | 53986 | 41,07% | 74582 | 68861 | 48,01% | 6,94% |
| 35 a 39 | 74847 | 49223 | 39,67% | 79711 | 69703 | 46,65% | 6,98% |
| 40 a 44 | 73439 | 47338 | 39,19% | 75368 | 64362 | 46,06% | 6,87% |
| 45 a 49 | 64869 | 41140 | 38,81% | 68863 | 58969 | 46,13% | 7,32% |
| 50 a 54 | 58199 | 36510 | 38,55% | 63246 | 53339 | 45,75% | 7,20% |
| 55 a 59 | 46059 | 30903 | 40,15% | 47675 | 39783 | 45,49% | 5,33% |
| 60 a 64 | 23682 | 20528 | 46,43% | 32586 | 28207 | 46,40% | -0,03% |
| 65 e máis | 3842 | 3686 | 48,96% | 4317 | 4746 | 52,37% | 3,40% |

Táboa 2. Afiliación á Seguridade Social por tramos de idade.



Gráficos 2 e 3. Afiliación á Seguridade Social por tramos de idade en 2002 e 2011 respectivamente.

A representatividade de cada sexo dispérsase cando se analiza a poboación laboral por sectores. Nos sectores de pesca, industria, e especialmente no da construción, os homes están moito máis representados que as mulleres. É na agricultura, e sobre todo nos servizos, que é o grupo máis numeroso, onde as traballadoras compensan aquel desequilibrio numérico.

| | Poboación afiliada media anual 2011 | | | | |
|--------------|-------------------------------------|--------|----------------|--------|----------------|
| | Homes | % H | Mulleres | % M | Total |
| Agricultura | 17.439 | 44,90% | 21.402 | 55,10% | 38.841 |
| Pesca | 16.037 | 75,27% | 5.269 | 24,73% | 21.306 |
| Industria | 95.511 | 70,97% | 39.070 | 29,03% | 134.582 |
| Construción | 64.875 | 91,18% | 6.277 | 8,82% | 71.153 |
| Servizos | 228.256 | 43,66% | 294.576 | 56,34% | 522.836 |
| Total | 422.118 | 53,52% | 366.594 | 46,48% | 788.717 |

Táboa 3. Afiliación á Seguridade Social en 2011 por sector.




Gráfico 4. Porcentaxes de homes e mulleres afiliados á Seguridade Social en 2011 por sector.

Analizando as afiliacións por réxime de cotización obsérvanse tamén diferenzas: no sector primario, os grupos de agricultura e pesca, onde existen réximes especiais de cotización (agrario e do mar, respectivamente), e ao tempo a proporción de traballadores autónomos (RETA) é moi importante, de xeito que os traballadores que cotizan polo réxime xeral son minoritarios (especialmente na pesca, onde son só o 2,7%), os homes están afiliados no réxime especial, e as mulleres no

RETA. Así, en 2011, na agricultura, o 19,49% dos homes pertencen ao réxime especial agrario e o 59,73% ao RETA, mentres que para as mulleres estas porcentaxes son, respectivamente, do 6,18% e o 88,62%. Na pesca o 64,85% dos homes cotizan polo réxime especial e o 32,69% polo RETA, e as mulleres pertencentes a estes réximes constitúen o 12,73% e o 83,71% respectivamente.

| Poboación afiliada media anual 2011 por réximes | | | | | | | | | | | |
|---|----------------|---------------|--------------|---------------|----------------|----------------|--------------|--------------|---------------|----------------|----------------|
| | Home | | | | | Muller | | | | | Total |
| | Xeral e carbón | Mar | Agrario | RETA | Total | Xeral e carbón | Mar | Agrario | RETA | Total | |
| Agricultura | 3.624 | | 3.398 | 10.417 | 17.439 | 1.113 | | 1.322 | 18.967 | 21.402 | 38.841 |
| Pesca | 395 | 10.400 | | 5.242 | 16.037 | 187 | 671 | | 4.411 | 5.269 | 21.306 |
| Industria | 93.817 | 5 | | 1.689 | 95.511 | 37.953 | 3 | | 1.114 | 39.070 | 134.582 |
| Construción | 60.285 | 28 | | 4.562 | 64.875 | 5.993 | 1 | | 283 | 6.277 | 71.153 |
| Servizos | 215.382 | 1.848 | | 11.026 | 228.256 | 285.753 | 336 | | 8.487 | 294.576 | 522.836 |
| Sen especificar | 590 | | | | 590 | 7.780 | | | | 7.780 | 8.370 |
| Total | 374.093 | 12.281 | 3.398 | 32.936 | 422.708 | 338.780 | 1.010 | 1.322 | 33.262 | 374.374 | 797.087 |

Táboa 4. Poboación dos réximes de afiliación á Seguridade Social por sector.

Con algo máis de detalle, analizando as 21 seccións do CNAE, as que teñen unha representación feminina de máis de dous terzos son :

- Q: actividades sanitarias e de servizos sociais (77,91% de mulleres);
- S: Outros servizos (70,82%);
- U: actividades de organizacións e organismos extraterritoriais (67,28%);

No outro extremo, as seccións nas que a porcentaxe de mulleres non chega ao terzo dos traballadores son:

- B: industrias extractivas (8,44%);
- F: construción (8,82%);
- D: subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado (13,10%);
- E: subministro de auga, saneamento, xestión de residuos e descontaminación (17,22%);
- H: transporte e almacenamento (19,45%);
- C: Industria manufactureira (30,34%).

| Seccións | | | |
|-----------------|--------------|-----------------|------------|
| | Homes | Mulleres | % M |
| A | 33.476 | 26.671 | 44,34% |
| B | 2.521 | 232 | 8,44% |
| C | 86.174 | 37.536 | 30,34% |
| D | 2.016 | 304 | 13,10% |
| E | 4.800 | 998 | 17,22% |
| F | 64.875 | 6.277 | 8,82% |
| G | 64.905 | 69.444 | 51,69% |
| H | 29.880 | 7.214 | 19,45% |
| I | 16.949 | 30.447 | 64,24% |
| J | 9.012 | 6.759 | 42,86% |
| K | 9.694 | 7.864 | 44,79% |
| L | 806 | 1.200 | 59,82% |
| M | 14.034 | 16.961 | 54,72% |
| N | 18.107 | 30.206 | 62,52% |
| O | 29.065 | 33.229 | 53,34% |
| P | 9.484 | 18.489 | 66,10% |
| Q | 15.384 | 54.266 | 77,91% |
| R | 4.829 | 4.150 | 46,22% |
| S | 5.799 | 14.074 | 70,82% |
| T | 300 | 256 | 46,05% |
| U | 9 | 18 | 67,28% |

Táboa 5. Afiliación á Seguridade Social por seccións.

Aínda máis polo miúdo, considerando as 88 divisións do CNAE 99 (a dous díxitos, das que se exclúen as 06; 12 e 98, por non ter afiliados) e fixando agora un límite dun 20% como umbral de infrarepresentación dalgún dos sexos para enfocar máis as diferenzas, existen moitas máis nas que os homes superan o 80% da poboación laboral, que nas que as mulleres sobrepasan dita porcentaxe: 27 fronte a 4.

| Divisións | | | | |
|-----------|--|--------|----------|---------|
| CNAE | | Homes | Mulleres | %Homes |
| 09 | Actividades de apoio ás industrias extractivas | 6 | | 100,00% |
| 43 | Actividades de construción especializada | 35.234 | 3.106 | 91,90% |
| 08 | Outras industrias extractivas | 2.424 | 221 | 91,63% |
| 42 | Enxeñaría civil | 4.732 | 437 | 91,55% |
| 24 | Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes | 4.201 | 418 | 90,95% |
| 41 | Construción de edificios | 24.910 | 2.734 | 90,11% |
| 07 | Extracción de minerais metálicos | 85 | 10 | 89,50% |
| 19 | Coquerías e refinación de petróleo | 685 | 81 | 89,44% |
| 50 | Transporte marítimo e por vías navegables interiores | 792 | 95 | 89,25% |
| 30 | Fabricación doutro material de transporte | 6.140 | 772 | 88,83% |
| 25 | Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento | 13.066 | 1.694 | 88,52% |
| 28 | Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n. | 3.704 | 480 | 88,52% |
| 49 | Transporte terrestre e por tubaxe | 19.927 | 2.816 | 87,62% |
| 35 | Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado | 2.016 | 304 | 86,90% |
| 45 | Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas | 14.914 | 2.340 | 86,44% |
| 05 | Extracción de antracita, hulla e lignito | 6 | 1 | 86,42% |
| 80 | Actividades de seguranza e investigación | 4.522 | 723 | 86,22% |
| 31 | Fabricación de mobles | 2.970 | 480 | 86,08% |
| 02 | Silvicultura e explotación forestal | 2.108 | 343 | 86,00% |
| 37 | Recolla e tratamento de augas residuais | 179 | 31 | 85,21% |
| 23 | Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | 7.340 | 1.437 | 83,61% |
| 36 | Captación, depuración e distribución de auga | 1.133 | 225 | 83,42% |
| 29 | Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques | 12.421 | 2.490 | 83,30% |
| 16 | Industria da madeira e da cortiza, salvo mobles; cestaría e espartaría | 6.751 | 1.391 | 82,91% |
| 38 | Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización | 3.400 | 712 | 82,68% |
| 27 | Fabricación de material e equipamento eléctrico | 1.131 | 240 | 82,47% |
| 17 | Industria do papel | 900 | 225 | 80,03% |

Táboa 6. Divisións do CNAE con máis do 80% de homes.

| Divisións | | | | |
|-----------|--|-------|----------|-----------|
| CNAE | | Homes | Mulleres | %Mulleres |
| 87 | Asistencia en establecementos residenciais | 976 | 7.976 | 89,10% |
| 96 | Outros servizos persoais | 1.623 | 9.559 | 85,48% |
| 88 | Actividades de servizos sociais sen aloxamento | 1.406 | 7.458 | 84,14% |
| 14 | Confección de roupa de vestir | 1.681 | 8.239 | 83,06% |

Táboa 7. Divisións do CNAE con máis do 80% de mulleres.

Igualmente, nos 85 grupos do CNAE considerados, os homes superan en número ás mulleres en 56 deles, co que só en 29 as mulleres sobrepan o 50% da masa laboral. Tendo en conta que no cómputo global as mulleres aproxímanse ao 47%, dedúcese que as actividades onde as mulleres están máis representadas que os homes son, en xeral, as de maior número de traballadores (agás na construción). Isto confírmase ao comprobar que nas catro actividades de maior ocupación traballan máis mulleres que homes, e estendendo este rango a doce, son oito as de predominio feminino.

| CNAE | | Homes | Mulleres | Total | %Homes | %Mulleres |
|------|---|--------|----------|--------|--------|-----------|
| 47 | Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas | 23.400 | 54.999 | 78.399 | 29,85% | 70,15% |
| 84 | Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria | 29.065 | 33.229 | 62.295 | 46,66% | 53,34% |
| 86 | Actividades sanitarias | 13.002 | 38.832 | 51.837 | 25,08% | 74,91% |
| 56 | Servizos de comidas e bebidas | 14.267 | 25.342 | 39.609 | 36,02% | 63,98% |
| 46 | Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas | 26.590 | 12.106 | 38.695 | 68,72% | 31,28% |
| 43 | Actividades de construción especializada | 35.234 | 3.106 | 38.340 | 91,90% | 8,10% |
| 01 | Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas | 15.331 | 21.059 | 36.390 | 42,13% | 57,87% |
| 85 | Educación | 9.484 | 18.489 | 27.974 | 33,90% | 66,10% |
| 41 | Construción de edificios | 24.910 | 2.734 | 27.644 | 90,11% | 9,89% |
| 10 | Industria da alimentación | 10.724 | 13.492 | 24.216 | 44,29% | 55,71% |
| 81 | Servizos a edificios e actividades de xardinaría | 5.305 | 18.161 | 23.466 | 22,61% | 77,39% |
| 49 | Transporte terrestre e por tubaxe | 19.927 | 2.816 | 22.743 | 87,62% | 12,38% |

Táboa 8. Divisións do CNAE con máis traballadores, e as súas porcentaxes por sexo.

ANÁLISE DA SINISTRALIDADE POR SEXOS RESULTADOS

As mulleres sofren moitos menos accidentes: tanto os índices de incidencia como os de gravidade son moito menores no seu caso; isto podía ser predicible en sectores como a pesca ou a construción, nos que están menos representadas e desenvolven, en xeral, ocupacións de menor risco, pero ocorre tamén nos servizos ou na agricultura, onde non se dan esas diferenzas. Só nos accidentes “in itinere”, que non dependen da actividade ou da ocupación, os índices de incidencia e a gravidade dos accidentes non son moi dispares en función do sexo.

Así, en conxunto, os índices de incidencia de traballadores homes para accidentes leves, graves e mortais, son, respectivamente, 2,6; 5,6 e 22 veces maiores que os das mulleres.

| Índices de incidencia por gravidade e sexo 2011 | | | | | | | |
|---|----------|--------|----------|---------|----------|----------|----------|
| Leves | | Graves | | Mortais | | Totais | |
| Homes | Mulleres | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| 5.431,18 | 2.099,05 | 96,66 | 17,73 | 12,08 | 0,55 | 5.539,92 | 2.117,33 |

Táboa 9. Índices de incidencia por gravidade e sexo.

De seguido, analizaranse as características xerais dos accidentes laborais de mulleres e homes e as súas diferenzas, en función de diversas variables. Non se fará referencia, agás excepcionalmente, aos accidentes mortais, dado que o número destes que afectou a mulleres foi tan baixo que non ten suficiente significación neste estudo descritivo.

Lugar


| Índices de incidencia por lugar do accidente | | | | | | |
|--|---------|----------|--------|----------|---------|----------|
| | Leves | | Graves | | Totais | |
| | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| No centro ou lugar habitual | 3316,61 | 1635,87 | 45,96 | 12,82 | 3365,88 | 1648,96 |
| En misión | 1482,29 | 324,88 | 40,75 | 4,09 | 1530,61 | 329,25 |
| In itinere | 362,46 | 474,09 | 9,71 | 9,27 | 373,59 | 483,64 |
| Noutro centro | 632,29 | 138,30 | 9,95 | 0,82 | 643,42 | 139,12 |

Táboa 10. Índices de incidencia por lugar do accidente, gravidade e sexo.

A maioría dos accidentes prodúcese no centro ou lugar habitual de traballo, onde a incidencia nos homes duplica á das mulleres no caso dos accidentes leves e totais e acada un factor 3,5x nos graves. Esta diferenza aumenta cando o accidente é en misión, acadando proporcións aproximadas de 4,5:1 e 10:1 respectivamente.

Porén, nos accidentes “in itinere”, as incidencias invértense, de xeito que a dos leves é maior para as mulleres e moi similar para ambos sexos nos graves.

O número de accidentes de mulleres noutro centro de traballo é tan baixo que non permite facer unha comparanza fiable.



Gráficos 5 e 6. Comparativas por sexo e lugar dos accidentes totais e graves.

No estudo das variables seguintes teranse en conta só os accidentes en xornada, é dicir, exclúen-se os “in itinere”.


Sector

| Índices de incidencia 2011 | Leves | | Graves | | Mortais | | Totais | |
|----------------------------|----------|----------|--------|----------|---------|----------|----------|----------|
| | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| Agricultura | 5.877,63 | 1.499,86 | 206,43 | 84,10 | 22,94 | 4,67 | 6.107,00 | 1.588,64 |
| Pesca | 6.416,41 | 2.903,78 | 236,95 | 56,94 | 49,88 | 0,00 | 6.703,25 | 2.960,71 |
| Industria | 7.957,20 | 3.841,82 | 101,56 | 30,71 | 9,42 | 0,00 | 8.068,18 | 3.872,54 |
| Construción | 8.553,37 | 876,21 | 171,10 | 0,00 | 13,87 | 0,00 | 8.738,34 | 876,21 |
| Servizos | 3.383,48 | 1.923,10 | 55,20 | 10,86 | 9,20 | 0,34 | 3.447,88 | 1.934,31 |

Táboa 11. Índices de incidencia por sector do accidente, gravidade e sexo.

No que respecta aos accidentes leves (tamén aos totais, debido ao peso relativo daqueles), os índices dos homes son moito máis elevados; a maior desproporción prodúcese na construción, onde son case que dez veces maiores, e na agricultura na que practicamente cuadriplican aos das mulleres; na industria e na pesca son algo máis do dobre, e nos servizos quedan algo por debaixo (aprox. x1,8).

Estas diferenzas acentúanse ao considerar os accidentes graves, agás na agricultura, onde a desproporción 4:1 dos totais descende a unha relación 2,5:1; pero no resto dos sectores aumenta, especialmente nos servizos, pasando de 1,8:1 a 5:1. Por tanto, non só teñen máis accidentes os homes, senón que tamén os teñen máis graves, en xeral.



Gráficos 7 e 8. Comparativas por sexo e sector dos accidentes totais e graves.

Dada a ausencia de mortais de mulleres en tres dos cinco sectores, non procede a comparanza.

Idade

Para esta variable, ao non dispor do dato de traballadores afiliados “cotizantes” por tramos de idade, en lugar do índice de incidencia calcúlase unha “taxa de incidencia” = nº accidentes tramo de idade/traballadores totais afiliados do mesmo tramo.

| Taxas de incidencia por idade e gravidade | | | | | | |
|---|---------|----------|--------|----------|---------|----------|
| Idade | Leves | | Graves | | Totais | |
| | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| 16 a 19 | 9000,00 | 2829,74 | 121,21 | 0 | 9121,21 | 2829,74 |
| 20 a 24 | 7750,70 | 2078,81 | 99,20 | 4,94 | 7858,53 | 2083,74 |
| 25 a 34 | 5491,71 | 1646,74 | 56,57 | 5,99 | 5552,32 | 1653,59 |
| 35 a 44 | 4401,63 | 1667,10 | 65,77 | 8,95 | 4474,49 | 1676,05 |
| 45 a 54 | 3775,67 | 1932,19 | 99,16 | 23,15 | 3890,73 | 1955,34 |
| 55 a 65 | 2738,57 | 1294,31 | 94,69 | 27,95 | 2848,21 | 1323,72 |
| Maior de 65 | 532,78 | 126,42 | 46,33 | 0 | 579,11 | 126,42 |

Táboa 12. Índices de incidencia por gravidade do accidente, idade e sexo do traballador.




Gráfico 9. Comparativas por sexo e idade dos accidentes totais.

Para o total de accidentes, as maiores taxas de incidencia prodúcense nas idades máis xoves, pero mentres que nos homes existe un descenso mantido da sinistralidade coa idade, nas mulleres prodúcese un lixeiro repunte no tramo de 45 a 54 anos, e mesmo dende os 20-24 ata estes 45-54 a liña se estabiliza. As diferenzas entre as taxas redúcense progresivamente co aumento de idade, dunha relación 3:1 aprox. a unha 2:1 se se descartan os maiores de 65 anos, grupo de escasa significación porque supón un 1% dos traballadores.

A gráfica dos accidentes graves e bastante diferente, marcando un repunte a partires dos 35 anos. Descartando de novo os maiores de 65, mesmo para as mulleres se manifesta un ascenso permanente das taxas de incidencia coa idade. De tódolos xeitos, estas taxas son moito maiores para os homes, e onde menos diferenza hai reflicte relación maior de 3:1, nos grupos de 55 a 65 anos.




Gráfico 10. Comparativas por sexo e idade dos accidentes graves.

Categoría profesional

| Índices de incidencia segundo categoría profesional | | | | | | |
|--|---------|----------|--------|----------|---------|----------|
| | Leves | | Graves | | Totais | |
| | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| Traballadores non cualificados | 1143,11 | 571,89 | 16,56 | 2,14 | 1161,32 | 574,02 |
| Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores | 919,07 | 69,98 | 18,69 | 1,07 | 941,55 | 71,32 |
| Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría | 2384,62 | 227,58 | 36,90 | 1,07 | 2424,13 | 228,65 |
| Traballadores cualificados na agricultura e pesca | 360,53 | 99,90 | 14,43 | 4,81 | 377,57 | 104,71 |
| Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores | 365,50 | 802,67 | 5,20 | 4,54 | 371,41 | 807,21 |
| Empregados de tipo administrativo | 63,87 | 106,85 | 1,18 | 1,60 | 65,06 | 108,45 |
| Técnicos e profesionais de apoio | 114,50 | 54,22 | 1,42 | 0,80 | 116,16 | 55,03 |
| Técnicos e profesionais científicos e intelectuais | 49,21 | 114,86 | 1,66 | 0,53 | 51,10 | 115,66 |
| Dirección empresas e administracións públicas | 23,18 | 7,48 | 0,47 | 0,80 | 23,89 | 8,28 |

Táboa 13. Índices de incidencia por gravidade do accidente, categoría profesional e sexo do traballador.

Neste caso, a expresión da sinistralidade mediante índices de incidencia (dado que estes son calculados en relación cos números totais de traballadores e traballadoras e non co número destes de cada agrupación) aporta pouco máis do que o faría o número de accidentes, por non dispoñer dos datos da poboación desagregada por categorías: por exemplo, que a incidencia calculada para os accidentes leves dos traballadores non cualificados homes decuple á dos técnicos e profesionais de apoio non reflicte o risco da ocupación senón, máis ben, que hai moitos máis traballadores daquel tipo que deste. O mesmo se pode dicir para as diferenzas entre sexos, e por iso a incidencia de leves nos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores é moito maior nas mulleres que nos homes.

Dos índices de incidencia de accidentes leves, e asumindo que se cumprira a regra xeral de que os homes teñen máis accidentes que as mulleres, pódese deducir que nas ocupacións *Empregados de tipo administrativo e Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores* o número de mulleres é apreciablemente maior que o de homes, e do mesmo xeito, que nas de *Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría e Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores* ocorre o contrario, e ocupan a máis homes; isto pódese confirmar en parte se se repasan as táboas de ocupación por CNAE do primeiro capítulo.

Con todo, si que se poden comparar os índices atendendo á gravidade dos accidentes, e analizar os ratios home-muller de leves e graves pode proporcionar información: como se dixo ao principio, para o cómputo total de accidentes do ano 2011, as incidencias de leves e graves eran respectivamente, 2,6 e 5,6 veces maiores nos homes que nas mulleres. No grupo de técnicos e profesionais de apoio, os índices de leves gardan unha relación H-M de 2,11, así que sería de esperar que nos graves fose de algo máis de 4,5, e sen embargo é de 1,78; isto poderíase interpretar como que as mulleres con esta ocupación teñen máis accidentes graves do que cabería esperar.

Este método indutivo é arriscado, porque pode conducir facilmente a conclusións erradas, tanto máis, se como no exemplo anterior se basea nun número moi reducido de accidentes (3 graves en mulleres), e unha mínima variación dun accidente arriba ou abaixo ten consecuencias estatísticas importantes. Por tanto, na comparanza entre leves e graves apuntáranse só diferenzas significadas, excluindo destes apuntes os grupos 1 a 4, nos que o número de graves é pequeno.

Traballaremos sobre a táboa seguinte:

| | ii Leves | | ii Graves | | Relación iiH:iiM | |
|--|----------|----------|-----------|----------|------------------|--------|
| | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres | Leves | Graves |
| 5 Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores | 365,50 | 802,67 | 5,20 | 4,54 | 0,46 | 1,15 |
| 6 Traballadores cualificados na agricultura e pesca | 360,53 | 99,90 | 14,43 | 4,81 | 3,61 | 3,00 |
| 7 Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, construción, minaría | 2384,62 | 227,58 | 36,90 | 1,07 | 10,48 | 34,54 |
| 8 Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores | 919,07 | 69,98 | 18,69 | 1,07 | 13,13 | 17,49 |
| 9 Traballadores non cualificados | 1143,11 | 571,89 | 16,56 | 2,14 | 2,00 | 7,75 |

Táboa 14. Índices de incidencia por gravidade do accidente, categoría profesional e sexo do traballador.

No grupo 5 a proporción das relacións entre os índices de homes e mulleres para leves e graves (0,46 e 1,15) é moi similar á que se anotou para o total de accidentes (2,6 e 5,6), e nos 7 e 9, non dista excesivamente dela. Sen embargo, nos grupos 6 *Traballadores cualificados na agricultura e*

pesca e 8 Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, a proporción entre as relacións parece indicar que as mulleres teñen unha tendencia a sufrir máis accidentes graves que nas outras ocupacións.

Isto pódese apreciar mellor no gráfico seguinte, onde se representan as relacións home:muller para os índices de incidencia de accidentes leves e graves (en escla logarítmica para mellor visualización).




Gráfico 11. Relación entre os índices de incidencia por sexo e categoría profesional.

Antigüidade no posto

| Índices de incidencia por antigüidade no posto | | | | | | |
|--|---------|----------|--------|----------|---------|----------|
| | Leves | | Graves | | Totais | |
| | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| < 3 meses | 833,18 | 355,43 | 15,40 | 2,18 | 849,88 | 357,89 |
| 3-6 meses | 557,43 | 224,77 | 9,47 | 1,87 | 567,77 | 226,68 |
| 6 m a 1 ano | 464,80 | 164,76 | 7,58 | 1,07 | 473,02 | 165,85 |
| 1 a 3 anos | 865,87 | 338,52 | 12,55 | 1,60 | 880,20 | 340,16 |
| > 3 anos | 2709,91 | 1015,56 | 51,64 | 10,68 | 2768,26 | 1026,75 |

Táboa 15. Índices de incidencia por gravidade do accidente, antigüidade no posto e sexo do traballador.

As distribucións dos accidentes de homes e de mulleres atendendo á súa antigüidade no posto de traballo son similares, manténdose sempre as importantes diferenzas entre sexos, especialmente nos accidentes graves. Os índices máis baixos corresponden ao tramo de entre 6 meses e 1 ano, e os maiores, a partires dos tres anos de antigüidade.




Gráfico 12. Índices de incidencia dos accidentes totais segundo a antigüidade no posto.


Día do accidente

| Índices de incidencia por día do accidente | | | | | | |
|--|---------|----------|--------|----------|---------|----------|
| | Leves | | Graves | | Totais | |
| | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| Luns | 1223,35 | 432,36 | 17,77 | 2,46 | 1243,49 | 435,09 |
| Martes | 1030,52 | 370,71 | 17,53 | 2,73 | 1050,41 | 373,71 |
| Mércores | 1007,77 | 372,07 | 19,19 | 4,64 | 1029,09 | 376,71 |
| Xoves | 925,33 | 345,89 | 16,35 | 2,46 | 943,81 | 348,34 |
| Venres | 928,65 | 322,43 | 17,06 | 2,73 | 947,84 | 325,15 |
| Sábado | 211,08 | 166,67 | 6,40 | 1,09 | 218,18 | 167,76 |
| Domingo | 104,47 | 88,93 | 2,37 | 1,64 | 107,08 | 90,56 |

Táboa 16. Índices de incidencia por gravidade do accidente, día, e sexo do traballador.

En ambos sexos, os accidentes leves e totais teñen o máximo índice o luns e descenden progresivamente ata a fin da semana. Os sábados, e sobre todo os domingos, a diferenza de incidencias entre sexos redúcese notablemente; isto ocorre tamén nos graves, o que pode dar a entender que traballan máis mulleres que homes nestes días.

Polo que respecta aos graves, a tendencia de descenso luns-venres non se aprecia, e mesmo prodúcese un reponte os mércores, moito máis acusado no caso das mulleres.



Gráficos 13 e 14. Índices de incidencia dos accidentes totais e graves segundo o día do sinistro.


Hora da xornada

| Índices de incidencia segundo a hora do accidente na xornada de traballo | | | | | | |
|--|--------|----------|--------|----------|---------|----------|
| | Leves | | Graves | | Totais | |
| | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres | Homes | Mulleres |
| Primeira | 653,84 | 346,16 | 12,56 | 2,73 | 667,58 | 349,16 |
| Segunda | 986,69 | 432,90 | 14,92 | 4,36 | 1003,03 | 437,54 |
| Terceira | 868,48 | 370,71 | 13,03 | 1,64 | 882,69 | 372,35 |
| Cuarta | 735,81 | 297,33 | 12,56 | 2,18 | 749,55 | 299,51 |
| Quinta | 582,30 | 198,58 | 9,48 | 2,18 | 593,67 | 200,77 |
| Sexta | 630,86 | 173,22 | 11,61 | 1,91 | 645,32 | 175,13 |
| Sétima | 515,02 | 138,03 | 13,27 | 1,09 | 529,47 | 139,12 |
| Oitava | 347,06 | 105,29 | 6,16 | 0,82 | 354,17 | 106,11 |
| Novena | 47,85 | 10,64 | 0,95 | 0,00 | 48,80 | 10,64 |
| Décima | 20,61 | 8,46 | 0,47 | 0,00 | 21,08 | 8,46 |
| Undécima | 13,98 | 5,46 | 0,00 | 0,27 | 14,21 | 5,73 |
| Duodécima | 16,82 | 6,27 | 0,47 | 0,00 | 17,29 | 6,27 |
| Maior | 11,85 | 6,00 | 1,18 | 0,55 | 13,03 | 6,55 |

Táboa 17. Índices de incidencia por gravidade do accidente, hora do sinistro, e sexo do traballador.

Para ambos sexos e independentemente da gravidade do accidente, os índices máximos corresponden á segunda hora da xornada. Ao igual que no caso anterior, a partires desa hora prodúcese un descenso gradual de índices, agás un lixeiro reponte nos leves de homes á sexta hora. E tamén como no caso anterior, nos graves non se aprecia esa tendencia ao descenso. É de salientar a baixada de índice dos graves das mulleres a terceira hora, que non ten correspondencia cos leves, nin cos graves de homes.

A partires da oitava hora da xornada os índices baixan moito, pero iso pódese deber a que, habitualmente, as xornadas no exceden esa duración.



Gráficos 15 e 16. Índices de incidencia dos accidentes totais e graves segundo a hora do sinistro.

Forma de contacto

| Índices de incidencia segundo a forma do accidente | | | | | | |
|---|---------|--------|-----------------------|--------|------|-----------------------|
| | Leves | | | Graves | | |
| | ii H | ii M | Relación ii H:ii M | ii H | ii M | Relación ii H:ii M |
| Contacto coa corrente eléctrica, lume e substancias perigosas | 153,75 | 61,65 | 2,49 | 2,84 | 0,27 | 10,42 |
| Afogamentos, sepultamentos | 8,77 | 1,09 | 8,03 | 0,47 | 0,00 | |
| Caídas e golpes con esmagamentos contra obxectos inmóviles | 1408,61 | 642,95 | 2,19 | 32,46 | 6,82 | 4,76 |
| Choques ou golpes contra obxectos en movemento | 1057,29 | 254,23 | 4,16 | 23,69 | 2,18 | 10,86 |
| Contacto con axente cortante ou punzante | 596,99 | 168,58 | 3,54 | 9,48 | 0,55 | 17,37 |
| Esmagamentos por atrapamentos e amputacións | 224,58 | 75,83 | 2,96 | 13,74 | 1,91 | 7,20 |
| Sobreesforzos, trauma psíquico e exposicións a radiacións | 1872,70 | 833,07 | 2,25 | 4,26 | 2,46 | 1,74 |
| Mordeduras, patadas, picaduras | 53,78 | 38,19 | 1,41 | 0,24 | 1,36 | 0,17 |
| Infartos e outras patoloxías non traumáticas | 6,16 | 1,09 | 5,65 | 7,58 | 1,64 | 4,63 |
| Outros contactos | 48,56 | 22,37 | 2,17 | 1,90 | 0,55 | 3,47 |

Táboa 18. Índices de incidencia por gravidade do accidente, forma de contacto, e sexo do traballador.

Existe unha correspondencia na forma en que se producen os accidentes leves de homes e de mulleres: en ambos sexos, as formas de maior incidencia coinciden en ser os sobreesforzos en primeiro lugar, seguidos das caídas e golpes con esmagamentos contra obxectos inmóviles e dos choques ou golpes contra obxectos en movemento. Estas últimas son tamén as formas de maior incidencia entre os accidentes graves en homes, mentres que nas mulleres, o lugar dos choques pasa a ser ocupado polos sobreesforzos.

A análise da relación entre índices de incidencia, se lembramos que para o conxunto dos accidentes era de 2,6 e 5,6 (en leves e graves), indica que os afogamentos e sepultamentos, os infartos e outras patoloxías non traumáticas e mesmo os choques ou golpes contra obxectos en movemento producen nos homes máis accidentes leves do esperable mentres que nas mulleres o fan as mordeduras ou patadas. Esta forma é tamén desproporcionada nos graves de mulleres xunto cos sobreesforzos, mentres que nos homes o son os contactos con axentes cortantes ou punzantes, de novo os choques ou golpes contra obxectos en movemento, e os contactos coa corrente eléctrica, lume e sustancias perigosas.




Gráfico 17. Relacións entre Índices de incidencia dos accidentes leves e graves segundo a forma de contacto.

Natureza da lesión

| Índices de incidencia segundo a natureza da lesión | | | | | | |
|--|---------|---------|-------------------|--------|------|--------------------|
| | Leves | | | Graves | | |
| | ii H | ii M | Relación ii Leves | ii H | ii M | Relación ii Graves |
| Lesións superficiais e feridas abertas | 1963,67 | 576,66 | 3,41 | 8,53 | 0,82 | 10,42 |
| Fracturas de ósos | 399,89 | 125,21 | 3,19 | 42,41 | 8,73 | 4,86 |
| Torceduras, escordaduras e distensións | 2529,15 | 1133,41 | 2,23 | 5,69 | 2,73 | 2,08 |
| Amputacións traumáticas | 14,69 | 4,36 | 3,37 | 7,34 | 0,82 | 8,97 |
| Conmocións e lesións internas | 246,61 | 124,66 | 1,98 | 7,58 | 1,09 | 6,95 |
| Queimaduras, escaldaduras e conxelacións | 81,49 | 45,01 | 1,81 | 2,61 | 0,27 | 9,55 |
| Envenenamentos e infeccións | 6,87 | 3,55 | 1,94 | 0,47 | | |
| Afogamentos e asfixias | 3,79 | 0,82 | 4,63 | | | |
| Efectos do ruído, vibracións e presión | 31,51 | 8,18 | 3,85 | | 0,27 | |
| Ambiente térmico e radiacións | 10,66 | 0,55 | 19,54 | | | |
| Danos psicolóxicos e choques traumáticos | 7,11 | 6,55 | 1,09 | 0,24 | | |
| Lesións múltiples | 56,86 | 26,73 | 2,13 | 12,32 | 1,36 | 9,03 |
| Infartos, derramos e outras patoloxías non traumáticas | 73,44 | 37,37 | 1,97 | 9,48 | 1,64 | 5,79 |

Táboa 19. Índices de incidencia por gravidade do accidente, natureza da lesión, e sexo do traballador.

Para o conxunto dos accidentes, e polo tanto tamén nos leves, existe unha coincidencia entre homes e mulleres nos tipos máis frecuentes de lesións, sendo as de maior incidencia en ambos as torceduras, escordaduras e distensións, as lesións superficiais e feridas abertas, e en terceiro lugar as fracturas. Nestes accidentes leves, os producidos polo ambiente térmico ou as radiacións e os afogamentos e asfixias afectan aos homes en maior proporción do esperable (probablemente pola maior representación na pesca), mentres os danos psicolóxicos afectan máis ás mulleres.

En canto aos accidentes graves, as fracturas son as de maior incidencia para os dous sexos. Tendo en conta a relación entre as incidencias de ambos, as lesións superficiais e feridas abertas, as queimaduras ou conxelacións, as lesións múltiples e as amputacións prodúcense nos homes en maior medida mentres que as torceduras, escordaduras e distensións prodúcense nas mulleres con maior incidencia que o promedio das outras.




Gráfico 18. Relacións entre Índices de incidencia dos accidentes leves e graves segundo a natureza da lesión.

Parte do corpo

| Índices de incidencia segundo parte do corpo afectada | | | | | | |
|---|---------|--------|-------------------|--------|------|--------------------|
| | Leves | | | Graves | | |
| | ii H | ii M | Relación ii leves | ii H | ii M | Relación ii graves |
| Cabeza | 59,94 | 21,82 | 2,75 | 3,79 | 0,30 | 12,64 |
| Cranio | 23,45 | 5,46 | 4,30 | 1,90 | 1,20 | 1,58 |
| Cara (agás ollos) | 73,91 | 21,00 | 3,52 | 0,95 | 0,30 | 3,16 |
| Ollos | 246,61 | 34,10 | 7,23 | 5,69 | 0,60 | 9,48 |
| Pescozo | 167,73 | 144,85 | 1,16 | 0,47 | 1,20 | 0,40 |
| Lombo | 937,89 | 365,25 | 2,57 | 7,34 | 1,50 | 4,90 |
| Tórax | 238,80 | 60,28 | 3,96 | 10,19 | 2,40 | 4,25 |
| Extremidades superiores (agás mans) | 643,19 | 312,33 | 2,06 | 8,05 | 2,10 | 3,84 |
| Mans | 1332,09 | 518,83 | 2,57 | 16,35 | 2,10 | 7,79 |
| Extremidades inferiores (agás pés) | 1123,15 | 353,52 | 3,18 | 20,61 | 5,70 | 3,62 |
| Pés | 441,35 | 190,40 | 2,32 | 6,40 | 0,60 | 10,67 |
| Lesións múltiples | 134,80 | 65,47 | 2,06 | 13,98 | 1,20 | 11,66 |
| Outras non incluídas ou sen especificar | 8,29 | 5,73 | 1,45 | 0,95 | 0,30 | 3,16 |

Táboa 20. Índices de incidencia por gravidade do accidente, parte do corpo afectada, e sexo do traballador.

Para a totalidade dos accidentes (polo tanto tamén para os leves) e por incidencia, tanto nos homes como nas mulleres as partes do corpo máis afectadas son as mans, as extremidades inferiores (agás os pés) e o lombo. Ollos e cranio son as partes nas que os homes teñen unha incidencia máis desproporcionada respecto das mulleres, e nestas é o pescozo o que sofre con máis incidencia do esperable.

Nos accidentes graves, de novo as extremidades inferiores e as mans son as partes máis afectadas, aparecendo as lesións múltiples dos homes cunha incidencia significativa en comparación coas mulleres. Con respecto ao conxunto das partes do corpo, cabeza, pés, ollos e lesións múltiples teñen incidencia nos homes de xeito desproporcionado, e novamente a desproporción invértese para as mulleres, e de xeito moi significativo, no caso do pescozo.




Gráfico 19. Relacións entre Índices de incidencia dos accidentes leves e graves segundo a parte do corpo afectada.

Por CNAE (Divisións)

Para a análise dos accidentes, asemade de excluír as divisións 06, 12 e 98 por non teren afiliados, mencionar que nas 05 e 09 non se produciron accidentes, e en outras 43 divisións máis non se produciron accidentes graves, ben polo escaso número de traballadores (por exemplo a 99: *Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais*, con 27 traballadores en total), ben porque a actividade non comporta riscos importantes (p.e. a 82: *Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas*, cun total de 7545 traballadores). Das 40 divisións restantes, nas que si se produciron accidentes graves, só en 17 estes accidentes implicaron a mulleres.

Leves

| HOMES: Actividades de maiores índices de incidencia (accidentes leves) | | | Poboación | | | Índices de incidencia | | |
|--|------|--|-----------|-------|-------|-----------------------|----------|-------|
| | CNAE | | H | M | %M | H | M | Ratio |
| 1 | 2 | Silvicultura e explotación forestal | 2.108 | 343 | 14,00 | 29176,88 | 10204,08 | 2,86 |
| 2 | 30 | Fabricación doutro material de transporte | 6.140 | 772 | 11,17 | 18680,53 | 4535,15 | 4,12 |
| 3 | 15 | Industria do coiro e do calzado | 158 | 133 | 45,63 | 15189,87 | 6788,18 | 2,24 |
| 4 | 42 | Enxeñaría civil | 4.732 | 437 | 8,45 | 12765,06 | 1144,82 | 11,15 |
| 5 | 25 | Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento | 13.066 | 1.694 | 11,48 | 10738,14 | 2007,48 | 5,35 |
| 6 | 28 | Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n. | 3.704 | 480 | 11,48 | 8990,69 | 2290,08 | 3,93 |
| 7 | 38 | Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización | 3.400 | 712 | 17,32 | 8882,35 | 7160,41 | 1,24 |
| 8 | 23 | Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | 7.340 | 1.437 | 16,38 | 8746,49 | 3617,60 | 2,42 |
| 9 | 22 | Fabricación de produtos de caucho e plásticos | 2.452 | 766 | 23,81 | 8645,71 | 7176,25 | 1,20 |
| 10 | 52 | Almacenamento e actividades anexas ao transporte | 7.587 | 2.495 | 24,75 | 8580,94 | 3928,12 | 2,18 |
| 11 | 41 | Construción de edificios | 24.910 | 2.734 | 9,89 | 8466,51 | 731,46 | 11,57 |
| 12 | 24 | Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes | 4.201 | 418 | 9,05 | 8330,69 | 2390,91 | 3,48 |

Táboa 21. Actividades de maiores índices de incidencia dos accidentes leves nos homes.

| MULLERES: Actividades de maiores índices de incidencia (accidentes leves) | | | Poboación | | | Índices de incidencia | | |
|---|------|---|-----------|--------|-------|-----------------------|----------|-------|
| | CNAE | | H | M | %M | H | M | Ratio |
| 1 | 99 | Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais | 9 | 18 | 67,28 | | 10909,09 | 0 |
| 2 | 2 | Silvicultura e explotación forestal | 2.108 | 343 | 14,00 | 29176,88 | 10204,08 | 2,86 |
| 3 | 22 | Fabricación de produtos de caucho e plásticos | 2.452 | 766 | 23,81 | 8645,71 | 7176,25 | 1,20 |
| 4 | 38 | Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización | 3.400 | 712 | 17,32 | 8882,35 | 7160,41 | 1,24 |
| 5 | 15 | Industria do coiro e do calzado | 158 | 133 | 45,63 | 15189,87 | 6788,18 | 2,24 |
| 6 | 10 | Industria da alimentación | 10.724 | 13.492 | 55,71 | 7692,79 | 6433,64 | 1,20 |
| 7 | 87 | Asistencia en establecementos residenciais | 976 | 7.976 | 89,10 | 3587,29 | 6105,82 | 0,59 |
| 8 | 53 | Actividades postais e de correos | 1.390 | 1.656 | 54,37 | 6403,26 | 5615,66 | 1,14 |
| 9 | 30 | Fabricación doutro material de transporte | 6.140 | 772 | 11,17 | 18680,53 | 4535,15 | 4,12 |
| 10 | 16 | Industria da madeira e cortiza (agás mobles); cestería e espartería | 6.751 | 1.391 | 17,09 | 8117,52 | 4384,55 | 1,85 |
| 11 | 88 | Actividades de servizos sociais sen aloxamento | 1.406 | 7.458 | 84,14 | 3201,33 | 4170,16 | 0,77 |
| 12 | 52 | Almacenamento e actividades anexas ao transporte | 7.587 | 2.495 | 24,75 | 8580,94 | 3928,12 | 2,18 |

Táboa 22. Actividades de maiores índices de incidencia dos accidentes leves nas mulleres.

Considerando separadamente para homes e mulleres as 12 divisións de maior índice de incidencia, coinciden seis: a 2 *Silvicultura e explotación forestal* ocupa o primeiro lugar nos homes e o segundo nas mulleres; a 15 *Industria do coiro e do calzado*, terceira e quinta respectivamente; as outras catro son a 30 *Fabricación doutro material de transporte*, a 38 *Recolla, tratamento e elimi-*

nación de residuos; valorización, a 22 Fabricación de produtos de caucho e plásticos, e a 52 Almacenamento e actividades anexas ao transporte.

A de maior índice de incidencia entre mulleres é a 99: *Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais*, antes mencionada, con escasa significación polo reducido do número de traballadores; de feito, este índice de incidencia acádase con só un accidente leve para 18 mulleres, polo que a presenza desta actividade entre as de máis sinistralidade poderíase considerar circunstancial.

Compre destacar que 11 das 12 indicadas para os homes son actividades claramente masculinizadas (máis do 75% de homes); por contra, entre as das mulleres, só dúas superan o 75% de traballadoras.

Tendo en conta a relación entre os índices de incidencia de ambos sexos, e lembrando que no cómputo de todos os accidentes a ratio é, aproximadamente de 2,2:1, semella que nas actividades de maiores índices de incidencia femininos, existe unha maior desviación deste ratio que nas actividades listadas para os homes (agás a construción e a enxeñaría civil, fortemente masculinizadas), é dicir que nas mulleres se produce unha propensión aos accidentes nestas actividades de índice de incidencia elevado para elas.

Graves

| HOMES: Actividades de maiores índices de incidencia (accidentes graves) | | | Poboación | | | Índices de incidencia | | |
|---|------|---|-----------|--------|-------|-----------------------|--------|-------|
| | CNAE | | H | M | %M | H | M | Ratio |
| 1 | 7 | Extracción minerais metálicos | 85 | 10 | 10,50 | 1183,43 | 0 | |
| 2 | 2 | Silvicultura e explotación forestal | 2.108 | 343 | 14,00 | 474,42 | 0 | |
| 3 | 63 | Servizos de información | 275 | 203 | 42,44 | 363,09 | 0 | |
| 4 | 42 | Enxeñaría civil | 4.732 | 437 | 8,45 | 274,74 | 0 | |
| 5 | 16 | Industria da madeira e cortiza (agás mobles); cestería e espartería | 6.751 | 1.391 | 17,09 | 251,82 | 143,76 | 1,75 |
| 6 | 3 | Pesca e acuicultura | 16.037 | 5.269 | 24,73 | 236,95 | 56,94 | 4,16 |
| 7 | 26 | Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos | 436 | 209 | 32,40 | 229,18 | 0 | |
| 8 | 32 | Outras industrias manufactureiras | 531 | 345 | 39,39 | 188,21 | 0 | |
| 9 | 41 | Construción de edificios | 24.910 | 2.734 | 9,89 | 180,65 | 0 | |
| 10 | 1 | Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas | 15.331 | 21.059 | 57,87 | 169,59 | 85,47 | 1,98 |
| 11 | 31 | Fabricación de mobles | 2.970 | 480 | 13,92 | 168,33 | 0 | |
| 12 | 22 | Fabricación de produtos de caucho e plásticos | 2.452 | 766 | 23,81 | 163,13 | 0 | |

Táboa 23. Actividades de maiores índices de incidencia dos accidentes graves nos homes.

| MULLERES: Actividades de maiores índices de incidencia (accidentes graves) | | | Poboación | | | Índices de incidencia | | |
|--|------|---|-----------|--------|-------|-----------------------|--------|-------|
| | CNAE | | H | M | %M | H | M | Ratio |
| 1 | 36 | Captación, depuración e distribución de auga | 1.133 | 225 | 16,58 | 88,27 | 443,95 | 0,20 |
| 2 | 11 | Fabricación de bebidas | 1.898 | 648 | 25,44 | 52,68 | 308,84 | 0,17 |
| 3 | 16 | Industria da madeira e cortiza (agás mobles); cestería e espartería | 6.751 | 1.391 | 17,09 | 251,82 | 143,76 | 1,75 |
| 4 | 18 | Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | 1.985 | 856 | 30,14 | 50,39 | 116,80 | 0,43 |
| 5 | 1 | Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas | 15.331 | 21.059 | 57,87 | 169,59 | 85,47 | 1,98 |
| 6 | 23 | Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | 7.340 | 1.437 | 16,38 | 122,61 | 69,57 | 1,76 |
| 7 | 3 | Pesca e acuicultura | 16.037 | 5.269 | 24,73 | 236,95 | 56,94 | 4,16 |
| 8 | 73 | Publicidade e estudos de mercado | 1.316 | 2.093 | 61,41 | 76,02 | 47,77 | 1,59 |
| 9 | 10 | Industria da alimentación | 10.724 | 13.492 | 55,71 | 18,65 | 37,06 | 0,50 |
| 10 | 86 | Actividades sanitarias | 13.002 | 38.832 | 74,92 | 99,98 | 33,48 | 2,99 |
| 11 | 46 | Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas | 26.590 | 12.106 | 31,28 | 75,22 | 24,78 | 3,04 |
| 12 | 94 | Actividades asociativas | 2.771 | 4.076 | 59,53 | 0,00 | 24,54 | 0 |

Táboa 23. Actividades de maiores índices de incidencia dos accidentes graves nas mulleres.

Prodúcense menos coincidencias neste caso; só tres divisións do CNAE están entre as de maiores índices de incidencia dos accidentes graves de homes e de mulleres: a 16: *Industria da madeira e cortiza (agás mobles); cestería e espartería*, a 1: *Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas*, e a 3: *Pesca e acuicultura*.

Ademais, en contradición coa teoría da pirámide dos accidentes de Bird, non existe unha correspondencia clara entre as actividades de altos índices de accidentes leves e graves (menor no caso das mulleres), aínda que compre ter en conta que o número absoluto de accidentes, ao segregalos por divisións do CNAE, é bastante limitado en moitos casos. A aparición da agricultura e a pesca no grupo de actividades de alta incidencia de accidentes graves, indica que o índice de gravidade destas divisións é elevado para ambos sexos.

Os grupos de maior incidencia en mulleres son, ademais do citado 16 que ocupa o terceiro lugar, o 36: *Captación, depuración e distribución de auga* e o 11: *Fabricación de bebidas*, en primeiro e segundo lugar respectivamente. Na maioría das 12 divisións con altos índices de incidencia de accidentes graves de mulleres, prodúcese unha inversión moi acusada no ratio H:M (que é de 5,6 no conxunto de accidentes), o que quere dicir que nestas prodúcense moitos máis accidentes graves femininos do esperable.

Mortais

O único accidente mortal en xornada correspondente a mulleres produciuse na actividade 86: *Actividades sanitarias*, mentres que nos homes, nos que houbo 23 mortais en xornada, as divisións máis significadas son: 03: *Pesca e acuicultura*, con 4 mortos; 02: *Silvicultura e explotación forestal* e 43: *Actividades de construción especializada*, ambas con 3 mortos.

SELECCIÓN DE CNAE E ANÁLISE PORMENORIZADA

Á hora de escoller actividades concretas con alto porcentaxe de mulleres para analizar máis polo miúdo a súa sinistralidade, compre facer unha escolla, que se xustifica de seguido:

Se se escollen pola porcentaxe de mulleres, algúns grupos moi feminizados presentan índices de sinistralidade relativamente baixos respecto do total;

Se se escollen pola incidencia elevada de accidentes de mulleres, atópanse grupos de tamaño moi reducido;

Se se escollen pola relación dos índices de incidencia muller-home, aparecen grupos pouco feminizados;

Por tanto, farase a escolla tendo en conta ao mesmo tempo todos estes factores, de xeito que cruzando as actividades das táboas 7, 8, 22 e 24, seleccionando as que aparecen polo menos en dúas delas; deste xeito, a análise centrarase nas seguintes:

- 01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas
- 10 Industria da alimentación
- 56 Servizos de comidas e bebidas
- 86 Actividades sanitarias
- 87 Asistencia en establecementos residenciais
- 88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento

Outros grupos numericamente importantes e feminizados, como por exemplo o *47:Comercio ao retallo*, o *81:Servizos a edificios e actividades de xardinaría*, ou mesmo o *85:Educación*, non se inclúen por non cumprir os criterios descritos, presentando unha sinistralidade baixa e de escaso índice de gravidade, ou sen diferenzas home-muller significadas en relación co conxunto da poboación laboral.

Co só as seis actividades seleccionadas, cóbrese algo máis do 30% da poboación laboral feminina de Galicia para o ano 2011, e 6.100 accidentes dos 9.535 totais, é dicir, o 64% da sinistralidade que afecta ás mulleres traballadoras galegas. A descrición abranguerá só ás mulleres e os seus accidentes, e para simplificar, as actividades designaranse no sucesivo como: Agricultura, Industria alimentaria, Restauración, Sanidade, Asistencia residencial e Servizos sociais.

Sinistralidade: índices de incidencia

Aínda que nos seguintes apartados consideraranse só os accidentes das mulleres e a poboación laboral feminina de cada sector, neste, para contextualizar, inclúense tamén os dos homes. Así os índices de incidencia pola gravidade do accidente son as seguintes:

| | Mulleres | | | | Homes | | | |
|------------------|----------|--------|---------|---------|---------|--------|---------|---------|
| | Leves | Graves | Mortais | Totais | Leves | Graves | Mortais | Totais |
| Agricultura | 1358,09 | 85,47 | 0,00 | 1443,56 | 2674,32 | 169,59 | 6,52 | 2850,43 |
| Ind. alimentaria | 6433,44 | 37,06 | 0,00 | 6470,50 | 7693,02 | 18,65 | 9,32 | 7721,00 |
| Restauración | 2683,29 | 11,84 | 0,00 | 2695,13 | 3567,67 | 42,06 | 0,00 | 3609,73 |
| Sanidade | 1501,34 | 33,48 | 2,58 | 1537,39 | 1384,40 | 99,98 | 0,00 | 1484,39 |
| Asist. Residenc. | 6105,82 | 0,00 | 0,00 | 6105,82 | 3586,07 | 0,00 | 0,00 | 3586,07 |
| Servizos Sociais | 4170,02 | 0,00 | 0,00 | 4170,02 | 3200,57 | 71,12 | 0,00 | 3271,69 |

Táboa 24. Actividades seleccionadas: feminizadas de tamaño representativo e maior sinistralidade de mulleres.

Nestes casos, e dada a escolla das actividades, a proporcionalidade das incidencias home-muller, redúcese respecto da poboación traballadora total, que era aproximadamente 2,2:1 e 5,5:1 respectivamente para leves e graves. Aprécianse diferenzas substanciais entre as actividades: a industria alimentaria por un lado, e a sanidade polo outro, marcan os extremos na incidencia do número total de accidentes.

De novo, a pirámide de Bird non se cumpre, dado que a agricultura é a de menor incidencia de accidentes leves e de maior nos graves, e a asistencia residencial, segunda por incidencia de leves non reflectiu accidentes graves. Igualmente, nas outras actividades non existe unha correlación entre as incidencias. É de salientar que nos dous últimos grupos non se produciron accidentes graves de mulleres, e que na sanidade rexistrouse un dos dous accidentes mortais de mulleres en 2011 en Galicia (o outro foi no grupo da silvicultura e explotación forestal).




Gráfico 20. Relacións entre Índices de incidencia dos accidentes totais de homes e mulleres nas actividades seleccionadas.

Lugar


| | Agricultura | | I. Alimentaria | | Restauración | | Sanidade | | Asist. Resid. | Serv. Soc. |
|--------------------------------|-------------|--------|----------------|--------|--------------|--------|----------|--------|---------------|------------|
| | Leves | Graves | Leves | Graves | Leves | Graves | Leves | Graves | Leves | Leves |
| No centro de traballo habitual | 1191,89 | 80,73 | 5566,26 | 22,24 | 2529,4 | 11,84 | 1372,58 | 25,75 | 4914,74 | 1434,7 |
| Desprazam. en xornada | 109,22 | 0, | 148,24 | 14,82 | 78,92 | 0, | 90,13 | 7,73 | 137,91 | 2440,33 |
| In itinere | 47,49 | 0, | 637,41 | 7,41 | 512,98 | 11,84 | 581,99 | 38,63 | 789,87 | 884,96 |
| Noutro centro de traballo | 52,23 | 4,75 | 718,94 | 0, | 74,97 | 0, | 38,63 | 0, | 1040,62 | 294,99 |

Táboa 25. Índices de incidencia por gravidade e lugar dos accidentes das mulleres nas actividades seleccionadas.

Chama a atención a reducida incidencia relativa dos accidentes en desprazamento ou mesmo “*in itinere*” no sector agrícola, así como a importancia dos accidentes destes tipos nos servizos so-

ciais. Compre salientar tamén que non é infrecuente a ocorrencia de sinistros en centros de traballo distintos do habitual nos sectores da asistencia residencial, e máis rechamante, da industria alimentaria.

Polo que se refire aos accidentes graves, os producidos en desprazamento na xornada laboral teñen importancia sobre todo na industria alimentaria e tamén na sanidade; nesta, e na restauración, os accidentes “*in itinere*” graves teñen tanta incidencia ou máis que os producidos no centro de traballo. Segue a chamar a atención que na agricultura, que é a que ten maior incidencia de graves, estes non se produzan fora de centros de traballo.



Gráficos 21 e 22. Índices de incidencia por lugar dos accidentes leves e graves das mulleres nas actividades seleccionadas.

Día da semana

| | Agricultura | | I. Alimentaria | | Restauración | | Sanidade | | Asist. Resid. | Serv. Soc. |
|----------|-------------|-------|----------------|-------|--------------|-------|----------|-------|---------------|------------|
| | Leves | Grav. | Leves | Grav. | Leves | Grav. | Leves | Grav. | Leves | Leves |
| Luns | 275,42 | 4,75 | 1334,12 | 0, | 422,22 | 0, | 280,7 | 7,73 | 1065,7 | 764,28 |
| Martes | 246,93 | 23,74 | 1297,06 | 0, | 359,09 | 0, | 275,55 | 0, | 977,93 | 777,69 |
| Mércores | 232,68 | 28,49 | 1245,18 | 7,41 | 422,22 | 3,95 | 239,49 | 12,88 | 965,4 | 925,18 |
| Xoves | 170,95 | 4,75 | 1119,18 | 7,41 | 386,71 | 3,95 | 257,52 | 0, | 877,63 | 576,56 |
| Venres | 194,69 | 9,5 | 1059,89 | 7,41 | 406,44 | 0, | 226,62 | 5,15 | 651,96 | 603,38 |
| Sábado | 128,21 | 4,75 | 274,24 | 7,41 | 378,82 | 3,95 | 131,33 | 0, | 752,26 | 321,8 |
| Domingo | 104,47 | 9,5 | 103,77 | 7,41 | 307,79 | 0, | 90,13 | 7,73 | 802,41 | 201,13 |

Táboa 26. Índices de incidencia por gravidade e día da semana dos accidentes das mulleres nas actividades seleccionadas.

En primeiro lugar compre sinalar que como neste apartado e nos que seguen só se consideran os accidentes producidos en xornada, ao eliminar os “*in itinere*” o número de graves redúcese de xeito que para a restauración e a industria alimentaria (3 e 5 respectivamente) son claramente insuficientes para establecer comparacións ou tirar conclusións, e os das dúas actividades restantes, agricultura e sanidade, con 18 e 13 tampouco aportan suficiente significación. Só chama a atención que na industria alimentaria, cuxa curva diaria descende claramente na fin de semana, producíronse accidentes graves en sábado e domingo, un cada día, ao igual que do mércores ao venres.

Para unha mellor visualización, na gráfica representárase o número de accidentes producidos, en lugar da súa incidencia. Deste xeito apréciase que na industria alimentaria, a sanidade, os servi-

zos sociais e mesmo na agricultura a distribución diaria dos accidentes leves é similar á do conxunto total das actividades que se representou na páx. 13, cunha a descender conforme avanza a semana, e os sábados e sobre todo os domingos, as incidencias son menores. Esta tendencia é máis ou menos acusada na mesma orde na que se citaron ditas actividades. Por contra, na restauración este efecto só se produce os domingos e moi lixeiramente, e na asistencia residencial non existe, de xeito que en sábado e domingo prodúcense máis accidentes que os venres.




Gráfico 23. Accidentes leves das mulleres nas actividades seleccionadas, segundo o día da semana.

Hora da xornada

| | Agricultura | Industria Alimentaria | Restauración | Sanidade | Asistencia Residencial | Servizos Sociais |
|-----------|-------------|-----------------------|--------------|----------|------------------------|------------------|
| Primeira | 151,95 | 741,18 | 402,49 | 242,07 | 952,86 | 1072,67 |
| Segunda | 204,19 | 889,42 | 670,82 | 242,07 | 1767,80 | 1166,53 |
| Terceira | 189,94 | 1067,30 | 524,82 | 257,52 | 1090,77 | 657,01 |
| Cuarta | 161,45 | 1008,00 | 366,98 | 213,74 | 651,96 | 268,17 |
| Quinta | 142,46 | 630,00 | 236,76 | 180,26 | 514,04 | 254,76 |
| Sexta | 175,70 | 756,00 | 157,84 | 164,81 | 438,82 | 241,35 |
| Sétima | 128,21 | 607,77 | 153,89 | 128,76 | 413,74 | 187,72 |
| Oitava | 132,96 | 615,18 | 134,16 | 41,20 | 188,06 | 134,08 |
| Novena | 28,49 | 0,00 | 11,84 | 7,73 | 37,61 | 40,23 |
| Décima | 18,99 | 51,88 | 3,95 | 10,30 | 0,00 | 40,23 |
| Undécima | 0,00 | 14,82 | 3,95 | 10,30 | 12,54 | 80,45 |
| Duodécima | 9,50 | 29,65 | 7,89 | 0,00 | 0,00 | 26,82 |
| Maior | 9,50 | 22,24 | 7,89 | 2,58 | 25,08 | 0,00 |

Táboa 27. Índices de incidencia dos accidentes totais das mulleres nas actividades seleccionadas, segundo a hora da xornada.

Ao igual que para o conxunto total de actividades, os máximos acádanse na segunda hora, agás na industria alimentaria e na sanidade, onde se produce un desprazamento á terceira, e segundo avanza a xornada os índices baixan. Tamén descenden moito as incidencias a partires da oitava, aínda que menos acusadamente nos servizos sociais, ou mesmo na agricultura, na que a novena hora da xornada aínda ten certa significación.




Gráfico 24. Índices de incidencia dos accidentes totais das mulleres nas actividades seleccionadas, segundo a hora da xornada.

Forma

| | Agricultura | | I. Alimentaria | | Restauración | | Sanidade | | Asist. Resid. | Serv. Soc. | | | |
|---|-------------|-------|----------------|-------|--------------|-------|----------|-------|---------------|------------|---------|---------|--------|
| | Leves | Gr. | Leves | Gr. | Leves | Gr. | Leves | Gr. | Leves | Leves | | | |
| Sen especificar | 18,99 | 4,75 | 7,41 | 0, | 23,68 | 0, | 2,58 | 0, | 37,61 | 0, | | | |
| Contacto corrente eléctrica, lume e substancias perigosas | 9,5 | 0, | 237,18 | 0, | 284,1 | 1 | 0, | 61,8 | 0, | 175,53 | 67,04 | | |
| Afogamentos, sepultamentos | 0, | 0, | 0, | 0, | 0, | 0, | 2,58 | 0, | 0, | 0, | | | |
| Esmagamento contra obxectos inmóviles | 603,07 | 37,99 | 1830,7 | 1 | 7,41 | 808,9 | 3 | 7,8 | 543,3 | 7 | 10,3 | 1216,15 | 1032,4 |
| Choques contra obxectos en movemento | 128,21 | 4,75 | 941,3 | 14,82 | 268,3 | 3 | 0, | 162,2 | 4 | 0, | 363,59 | 415,66 | |
| Contacto con axente cortante ou punzante | 75,98 | 4,75 | 778,24 | 0, | 552,4 | 4 | 0, | 54,08 | 0, | 150,45 | 40,23 | | |
| Atrapamentos e amputacións | 94,97 | 9,5 | 526,24 | 14,82 | 59,19 | 0, | 66,96 | 0, | 188,06 | 40,23 | | | |
| Sobreesforzo | 170,95 | 4,75 | 1986,3 | 6 | 0, | 615,5 | 3,9 | 535,6 | 4 | 10,3 | 3660,98 | 2534,1 | |
| Trauma psíquico e exposición a radiacións | 9,5 | 0, | 66,71 | 0, | 19,73 | 0, | 7,73 | 0, | 37,61 | 0, | | | |
| Mordeduras, patadas, picaduras, etc. | 218,43 | 18,99 | 14,82 | 0, | 23,68 | 0, | 33,48 | 2,58 | 225,68 | 40,23 | | | |
| Infartos e outras patoloxías non traumáticas | 0, | 0, | 0, | 0, | 0, | 0, | 2,58 | 10,3 | 0, | 0, | | | |
| Outros contactos | 23,74 | 0, | 44,47 | 0, | 27,62 | 0, | 28,33 | 0, | 37,61 | 0, | | | |

Táboa 28. Índices de incidencia por gravidade e forma dos accidentes das mulleres nas actividades seleccionadas.

Agás na agricultura e a restauración, onde os esmagamentos contra obxectos inmóviles teñen unha incidencia claramente superior, e a sanidade onde esta é moi similar, os sobreesforzos son a forma máis frecuente da totalidade de accidentes. En terceiro lugar sitúanse os choques contra obxectos en movemento. Algunhas formas son características a actividade, como os accidentes

producidos por axentes cortantes ou punzantes, que se producen fundamentalmente na industria alimentaria e na restauración, ou as mordeduras e patadas, na agricultura. Esta forma non é infrecuente na asistencial en residencias, a causa das agresións dos pacientes, e chama tamén a atención o baixo índice de sobreesforzos na agricultura.




Gráfico 25. Índices de incidencia por forma dos accidentes leves das mulleres nas actividades seleccionadas.

Nas gráficas representáanse as formas máis frecuentes en accidentes leves, tanto en incidencia absoluta como en importancia relativa dentro da actividade.




Gráfico 26. Representación porcentual por forma dos accidentes leves das mulleres nas actividades seleccionadas.

Non se reflicten os graves, pois como se dixo, só na agricultura e na sanidade acadan un número suficiente. Nesta última, ademais dos sobreesforzos e os esmagamentos aparecen coa mesma incidencia os accidentes non traumáticos, e na agricultura as mordeduras constitúen case a cuarta parte dos accidentes graves, despois dos esmagamentos, que seguen a ser a forma máis frecuente.

Natureza da lesión

| | Agricultura | | I. Alimentaria | | Restauración | | Sanidade | | Asist. Resid. | Serv. Soc. |
|--|-------------|-------|----------------|-------|--------------|------|----------|------|---------------|------------|
| | Leves | Gr. | Leves | Gr. | Leves | Gr. | Leves | Gr. | Leves | Leves |
| Outras/ sen especificar | 0,00 | 0,00 | 7,41 | 0,00 | 3,95 | 0,0 | 25,75 | 0,0 | 62,69 | 13,41 |
| Lesións superficiais e feridas | 389,38 | 4,75 | 2490,36 | 7,41 | 1057,53 | 0,0 | 301,30 | 0,0 | 1003,01 | 965,41 |
| Fracturas óseas | 299,16 | 66,48 | 303,88 | 14,82 | 169,68 | 7,89 | 115,88 | 7,73 | 162,99 | 134,08 |
| Torceduras, escordaduras, distensións | 550,83 | 9,50 | 3135,19 | 0,00 | 1089,10 | 0,0 | 921,92 | 7,73 | 3159,48 | 2668,28 |
| Amputacións traumáticas | 4,75 | 0,00 | 37,06 | 7,41 | 7,89 | 0,0 | 0,00 | 2,58 | 12,54 | 0,00 |
| Conmocións e lesións internas | 52,23 | 4,75 | 140,82 | 0,00 | 67,08 | 3,95 | 36,05 | 5,15 | 1341,52 | 147,49 |
| Queimaduras, conxelacións | 9,50 | 0,00 | 170,47 | 0,00 | 252,55 | 0,0 | 36,05 | 0,0 | 100,30 | 26,82 |
| Ambiente térmico e radiacións | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,0 | 0,00 | 0,0 | 0,00 | 0,00 |
| Envenenamentos e infeccións | 0,00 | 0,00 | 14,82 | 0,00 | 0,00 | 0,0 | 0,00 | 0,0 | 0,00 | 13,41 |
| Afogamentos e asfixias | 0,00 | 0,00 | 7,41 | 0,00 | 0,00 | 0,0 | 2,58 | 0,0 | 0,00 | 0,00 |
| Efectos do ruído, vibración, presión | 0,00 | 0,00 | 29,65 | 0,00 | 3,95 | 0,0 | 2,58 | 2,58 | 62,69 | 26,82 |
| Danos psicolóxicos e choques traumáticos | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,0 | 15,45 | 0,0 | 37,61 | 0,00 |
| Lesións múltiples | 23,74 | 0,00 | 66,71 | 7,41 | 23,68 | 0,0 | 18,03 | 0,0 | 62,69 | 67,04 |
| Patoloxías non traumáticas | 23,74 | 0,00 | 29,65 | 0,00 | 7,89 | 0,0 | 25,75 | 7,73 | 87,76 | 107,27 |

Táboa 29. Índices de incidencia por gravidade e natureza da lesión dos accidentes das mulleres nas actividades seleccionadas.

Todas as actividades teñen en común as torceduras, escordaduras e distensións, como lesión de máis incidencia, e en segundo lugar as lesións superficiais e feridas abertas, agás na asistencia en residencia, onde se poñen neste lugar as conmocións e lesións internas. As fracturas aparecen tamén en todas estas actividades con certa significación nos accidentes leves, e especialmente nos graves, dos que son as lesións principais. Outras lesións máis asociadas á actividade son as queimaduras ou conxelacións, na restauración e a industria alimentaria, ou os danos psicolóxicos na sanidade ou nos servizos asistenciais, pero cunha incidencia moito menor.

Representáanse, ao igual que antes, as incidencias absolutas, e a súa importancia relativa dentro de cada actividade en gráficas separadas.




Gráfico 27. Índices de incidencia por natureza da lesión dos accidentes leves das mulleres nas actividades seleccionadas.




Gráfico 28. Representación porcentual por natureza da lesión dos accidentes leves das mulleres nas actividades seleccionadas.

Ocupación

| | Agricultura | | I. Alimentaria | | Restauración | | Sanidade | | Asist. Resid. | Serv. Soc. |
|--|-------------|-------|----------------|-------|--------------|------|----------|-------|---------------|------------|
| | Leves | Gr. | Leves | Gr. | Leves | Gr. | Leves | Gr. | Leves | Leves |
| Dirección de empresas | 14,25 | 4,75 | 0,00 | 0,00 | 15,78 | 3,95 | 0,00 | 0,00 | 12,54 | 0,00 |
| Técnicos, científicos e intelectuais | 66,48 | 0,00 | 7,41 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 378,55 | 5,15 | 1228,69 | 281,58 |
| Técnicos e profesionais de apoio | 4,75 | 0,00 | 22,24 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 82,41 | 2,58 | 100,30 | 147,49 |
| Empregados de tipo administrativo | 0,00 | 0,00 | 37,06 | 0,00 | 7,89 | 0,00 | 41,20 | 5,15 | 37,61 | 160,90 |
| Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores | 4,75 | 0,00 | 378,00 | 7,41 | 2304,47 | 7,89 | 597,45 | 15,45 | 3347,54 | 3311,88 |
| Traballadores cualificados en agricultura e pesca | 930,72 | 75,98 | 29,65 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 |
| Artesáns e traballadores cualificados de industrias manufactureiras | 37,99 | 0,00 | 3031,43 | 22,24 | 11,84 | 0,00 | 7,73 | 0,00 | 12,54 | 0,00 |
| Operadores de instalacións e maquinaria, montadores | 4,75 | 0,00 | 185,29 | 7,41 | 35,51 | 0,00 | 15,45 | 0,00 | 12,54 | 40,23 |
| Traballadores non cualificados | 289,66 | 4,75 | 2742,37 | 0,00 | 307,79 | 0,00 | 378,55 | 5,15 | 1341,52 | 227,94 |

Táboa 30. Índices de incidencia por gravidade e ocupación dos accidentes das mulleres nas actividades seleccionadas.

O código nacional de ocupacións determina unha clasificación que decanta o cadro anterior, por conter epígrafes como traballadores da agricultura e a pesca, de servizos de restauración, ou de industrias manufactureiras que, obviamente, son as categorías que predominan en cada unha das actividades relacionadas. Probablemente por esta causa, o grupo das traballadoras non cualificadas ten unha importancia relativa menor do esperable en actividades como a agricultura ou a restauración, dado que se inclúen nas categorías específicas da actividade. A importancia de cada unha das ocupacións nas actividades en estudo represéntase de seguido.




Gráfico 29. Representación porcentual por ocupación dos accidentes leves das mulleres nas actividades seleccionadas.

DISCUSIÓN

A presenza relativa da muller no mercado laboral aumenta permanentemente, e aumentou dende un 40,25% en 2002 ata o 46,75% en 2011. A maioría concéntrase na franxa entre os 30 e os 55 anos, especialmente dos 30 aos 40 anos.

No sector primario, os grupos de agricultura e pesca, onde existen réximes especiais de cotización (agrario e do mar, respectivamente), os homes están afiliados nestes, e as mulleres no RETA.

Nos sectores de pesca, industria, e especialmente no da construción, os homes están moito máis representados que as mulleres, mentres na agricultura e sobre todo nos servizos, as mulleres son maioría. Baixando ás actividades por CNAE, os traballos dos homes están máis diversificados, de xeito que en moitas as mulleres están infrarrepresentadas; estas concéntranse en un número moito menor de actividades económicas, que ao mesmo tempo son as que ocupan a máis masa salarial.

As mulleres sofren moitos menos accidentes e menos graves. En conxunto, os índices de incidencia de traballadores homes para accidentes leves, graves e mortais, son, respectivamente, 2,6; 5,6 e 22 veces maiores que os das mulleres. Sen embargo, estas teñen máis accidentes “*in itinere*” e de similar gravidade que os dos homes.

O sector onde se produce a maior desproporción home-muller para os accidentes leves é o da construción, e para os graves o dos servizos, aínda que neste os accidentes leves das mulleres aproxímanse aos dos homes en maior medida que no resto de sectores.

Nas ocupacións: *Traballadores cualificados na agricultura e pesca e Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores* e por método inductivo, parece que as mulleres teñen unha tendencia a sufrir máis accidentes graves que nas outras ocupacións, polo menos cando se comparan os índices cos dos homes desas mesmas categorías.

Estratificando os accidentes por idade ou por antigüidade no posto dos traballadores, non se atopan diferenzas acusadas entre sexos. Ocorre o mesmo, en xeral, cando se estudan segundo as características temporais do accidente (día da semana, hora da xornada): de máis a menos conforme avanza a semana, ou a xornada despois dun máximo a segunda hora.

Existe unha correspondencia na forma en que se producen os accidentes leves de homes e de mulleres: en ambos sexos, as formas de maior incidencia coinciden en ser os sobreesforzos en primeiro lugar, seguidos das caídas e golpes con esmagamentos contra obxectos inmóbiles e dos choques ou golpes contra obxectos en movemento. As mordeduras ou patadas teñen unha incidencia maior do esperable nos accidentes de mulleres, tanto leves como graves.

Tamén se atopa correspondencia entre homes e mulleres no tipo de lesións, sendo as de maior incidencia en ambos as torceduras, escordaduras e distensións, as lesións superficiais e feridas abertas, e en terceiro lugar as fracturas; esta é a lesión de maior incidencia nos accidentes graves de ambos sexos. Os danos psicolóxicos e choques traumáticos parecen afectar máis ás mulleres, pero cunha incidencia baixa.

As extremidades inferiores e as mans son as partes máis afectadas, independentemente da gravidade, nos accidentes de ambos sexos. Nas mulleres o pescozo ten maior incidencia que nos homes nos accidentes graves.

Entre as 12 divisións de maior índice de incidencia nos homes, oito son actividades claramente masculinizadas (máis do 75% de homes); por contra, entre as 12 de maior índice nas mulleres, só dúas superan o 75% de mulleres: “Asistencia en establecementos residenciais” e “Actividades de servizos sociais sen aloxamento”.

Das 40 divisións nas que se produciron accidentes graves, só en 11 estes accidentes implicaron a mulleres.

Nas actividades 01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas, 10 Industria da alimentación, 56 Servizos de comidas e bebidas, 86 Actividades sanitarias, 87 Asistencia en establecementos residenciais, 88 Actividades de servizos sociais sen aloxamento, que ocupan a pouco máis do 30% da poboación laboral feminina de Galicia para o ano 2011, concéntrase o 64% da sinistralidade que as afecta. Por tanto os parágrafos que seguen refírense só a este grupo de actividades.

A Industria da alimentación é a de maior incidencia de accidentes totais e a Agricultura a de menor. Sen embargo, este sector é o de maior índice de incidencia de accidentes graves.

Chama a atención a reducida incidencia relativa dos accidentes en desprazamento ou mesmo “*in itinere*” no sector agrícola, así como a importancia dos accidentes destes tipos nos servizos sociais. Na restauración, os accidentes “*in itinere*” graves teñen tanta incidencia ou máis que os producidos no centro de traballo.

A maioría dos accidentes prodúcense na segunda ou terceira hora da xornada laboral, descendendo a súa frecuencia conforme avanza a xornada.

Agás na agricultura e a restauración, onde os esmagamentos contra obxectos inmóbiles teñen unha incidencia claramente superior, e a sanidade onde esta é moi similar, os sobreesforzos son a forma máis frecuente da totalidade de accidentes. En terceiro lugar sitúanse os choques contra obxectos en movemento

Todas as actividades teñen en común as torceduras, escordaduras e distensions, como lesión de máis incidencia, e en segundo lugar as lesións superficiais e feridas abertas, agás na asistencia en residencia, onde se poñen neste lugar as conmocións e lesións internas. As fracturas aparecen tamén en todas estas actividades con certa significación nos accidentes leves, e especialmente nos graves, dos que son as lesións principais